

**ACTA 2ª SESIÓN MESA CONTRATACIÓN
EXPEDIENTE: 3721/2020**

**"SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA
ALAMEDA"**

Na sala de xuntas do Concello da Estrada sendo as 10:37 horas do día 4 de decembro de 2020, constitúese a Mesa de Contratación, para levar a cabo o exame da documentación presentada polos licitadores para a adxudicación do subministro arriba referenciado, cuxa orde do día é a que a continuación se indica, e que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente: D. José C. López Campos

Vogais:

Dña. M.ª Jesusa Fernández Bascuas (Secretaria municipal)

Dña. Carmen Gómez Otero (Interventora do Concello)

Dña. Daniel Órrea Corral (Arquitecto Técnico municipal do Concello)

Secretaria:

Dña. Vanessa Rodríguez Varela (Administrativa do Concello).

Non asiste ningún/ha concelleiro/a por parte do Grupo Municipal MÓVETE

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Acto de xustificación de oferta anormalmente baixa para adxudicar o contrato de "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA"

SEGUNDO.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159).

TERCEIRO.- Proposta de adxudicación.

Iníciase a sesión e, constituída a Mesa, indícase que na sesión celebrada o día 23 de novembro de 2020 acordouse, entre outros requirir ao licitador LORKE SYSTEMS S.L para que no prazo de tres días hábiles, a contar desde a data da comunicación, xustificara as razóns que lle permiten realizar o subministro nas condicións ofertadas.

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), e seleccionado o acto "Xustificación de Oferta Anormalmente Baixa" dáse conta do escrito presentado mediante correo electrónico do licitador requirido no que textualmente di: *"Atendiendo a su requerimiento, no es posible justificar la oferta tal y como se nos solicita ya que existe un error en las partidas de la obra civil necesarias para la buena ejecución de la licitación"*.

Á vista do anterior a Mesa de contratación, considera non xustificada a oferta presentada por LORKE SYSTEMS S.L.

A continuación, trala finalización do acto "xustificación de oferta anormalmente baixa" dáse comezo ao acto 2 da orde do día "Acto de valoración ofertas cuantificables automáticamente (art. 159)" correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento co número de expediente 3721/2020 para adxudicar o contrato de "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO



AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA", correspondendo as seguintes puntuacións unha vez calculados segundo a fórmula prevista no PCAP:

LICITADOR	PREZO OFERTADO	PUNTOS
MEIFUS MACHINERY, S.L.	57.199,00 €	100,00
OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.	61.290,00 €	43,60
LORKE SYSTEMS S.L	49.900,00 €	0,00

Á vista de todo o actuado, a Mesa **ACORDA**:

Primeiro.- Excluir da licitación á empresa LORKE SYSTEMS S.L por non xustificar a oferta anormalmente baixa presentada.

Segundo.- Admitir á licitación para a adxudicación do contrato de "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA" ás seguintes empresas:

LICITADOR: B27719699

Razón social: MEIFUS MACHINERY, S.L.

LICITADOR: A52502523

Razón social: OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.

A Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros ACORDA, efectuar a seguinte avaliación e clasificación, outorgando a puntuación que a continuación se indica ás empresas licitadoras admitidas no procedemento ordeándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

N.º ORDE	LICITADOR	PUNTOS
1	MEIFUS MACHINERY, S.L.	100,00
2	OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.	43,60

A continuación, e trala finalización do acto de "Valoración de criterios avaliábeis automaticamente", dase comenzo ao último acto da Orde do día "Proposta de adxudicación".

Á vista de todo o actuado e de acordo co indicado no artigo 159.4 da LCSP a Mesa ACORDA por unanimidade:

Primeiro.- Formular proposta de adxudicación do expediente n.º 3721/2020, da contratación do "**SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA**" a favor da empresa MEIFUS MACHINERY, S.L., con C.I.F B27719699 ao tratarse da empresa licitadora que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

Oferta económica: 57.199,00 € (importe sen IVE) + IVE = 69.210,79€

Segundo.- Requirir ao licitador MEIFUS MACHINERY, S.L, con C.I.F B27719699 , en canto proposto como adxudicatario do contrato de "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEO AUTOLIMPIABLE PARA LA ALAMEDA", para que no prazo de 7 días hábiles, presente a documentación correspondente de conformidade coa cláusula 26 do Prego de cláusulas administrativas particulares e co artigo 159.4.f) 4º da LCSP.



Sendo ás 11:13 dáse por finalizada a sesión e estendéndose a presente acta que asina a Secretaria da Mesa co visto e praxe do Sr. Presidente.

Documento asinado dixitalmente á marxe



Cod. Validación: 7FNDR9PG7CZ99PLPQZG4D6DCS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3